



« TORTILLA DE EMOCIONS ».

Unha lesbiana

« MEXEI A BRAGA
TODA DA RISA ».

Chus, a veciña do quinto

« FÍXOME SENTIR MÁIS
VIVO CA NUNCA ».

Caio Xulio César

Jánsel & Pónsel

UNHA COMEDIA DE JOSE PRIETO



Alejandro Martín



Marian Rei

Jánsel e Pónsel traen unha obra-documental na que pretenden dar resposta de xeito lúdico e didáctico ás grandes preguntas do universo...

“Quen somos? De onde vimos? Onde imos?”

Todo isto, claro, se o proxector funciona ben, Pónsel non se trabuca coas frases ou calquera outro problema que poidan imaxinar.

Mais nesta comedia, a intención conta máis incluso que o propio argumento á hora de invocar gargalladas.

Dende Deus ata a chegada dos aliens e a súa conquista da Terra, Jánsel e Pónsel farán un repaso á verdadeira evolución. Cun humor cheo de referencias, aventuras, música e amor; moito amor, para dar xeito a este desastre de peza teatral.



EQUIPA

José Prieto -

Escritor desta obra teatral, autor de máis de noventa textos teatrais e director de máis de cincuenta espectáculos, a súa traxectoria foi recoñecida con dous premios MAX ao mellor autor en lingua galega por «Monólogo do imbécil» e «Fobias». Recibiu tamén cinco premios María Casares: mellor texto orixinal por «Fobias» e «Bernarda», e mellor dirección por «Bernarda».



- Teatro Calavera

A compañía nace en 2013, da xuntanza de profesionais de diferentes disciplinas de ferrolterra; que teñen como obxectivo común os desexos de contar, estimular a creatividade, contribuír no ocio e propoñer novos temas, sempre transmitindo valores positivos.


“Apostamos pola aprendizaxe a través do xogo, da acción e do humor. Buscamos a interacción co público, animando a que a xente se expresen e participen levados pola fantasía”.





Marian Rei - Inicia os seus estudos na Escola de Teatro de Narón no ano 2004 e, ata o presente, segue formándose en diversas disciplinas como danza, teatro físico, canto, narración, dobraxe e actuación diante da cámara; en diversas escolas como Santart, Esad de Galicia, Penteo Films e Voz Audiovisual.

Fourmou parte de compañías profesionais como Teatro del Andamio, Bucanero teatro, Teterella teatro, Teatro do Morcego, entre outras e, nos últimos anos, adícase a tempo completo á Teatro Calavera, onde desenvolve labores de dirección, dramaturxia actuación e posta en escena.



Alejandro Martín - Leva facendo teatro dende 2012, nos que ten unha formación de 10 anos na Escola de Teatro de Narón e 5 anos de danza na Escola Allegro. Ten unha diversa formación en disciplinas como teatro físico, interpretación, teatro musical, creación escénica, entre outras.

Participou en diversas obras de teatro amateur como "2021: unha odisea na terra" e "Sera por Camiños", ambas escritas por José Prieto, e "Algo pasa por Paco" escrita por el e gañadora do premio "Xerardo Moscoso" (Mellor Espectáculo) de Poio Escena. A súa andaina profesional comezou como animador e contacontos.

FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

TEXTO: Jose Prieto

ELENCO: Alejandro Martín e Marian Rei

DIRECCIÓN: Alejandro Martín e Marian Rei

PRODUCCIÓN: Alejandro Martín e Teatro Calavera

DESEÑO DE ILUMINACIÓN: Antón Cabado

POSTA EN ESCENA: Alejandro Martín e Marian Rei

MÚSICA: Alejandro Martín e Javier Rivas

FOTOGRAFÍA E VÍDEO: Óskar Gáez

DESEÑO AUDIOVISUAL: Óskar Gáez

DESEÑO GRÁFICO: Alejandro Martin

DURACIÓN: 80 minutos

MEDIDAS DO ESCENARIO: 6 m boca, 5 m fondo e 3 m alto

ILUMINACIÓN: 12000 V

SON: 2000 W

AUDIOVISUAL: Proxector e maquina de lume e fume (opcional)

MONTAXE: 3 horas

DESMONTAXE: 1 Hora

DISTRIBUCIÓN: infoteatrocalavera@gmail.com

648 40 43 77 / 628 215 716

